

CAMPO DE VOLUNTARIADO da EUROCIDADE (CHAVES-VERÍN)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
21-26/06/2021	18-30	Transfronteirizo	Dinamización	12

LOCALIZACIÓN

A Eurocidade Chaves-Verín está constituída polo territorio que os municipios de Chaves e Verín ocupan no Val do Alto Tâmega no Norte de Portugal e Sueste de Galicia respectivamente. O territorio da Eurocidade Chaves-Verín constitúe un continuo núcleo poboacional, separado administrativamente pola fronteira. Trátase desde un punto de vista xeográfico dun gran val, unido polo río Tâmega e atravesado por unha falla tectónica, que ofrece as condicións específicas para a explotación dun recurso fundamental para a economía da Eurocidade Chaves-Verín: a auga.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta Verín.
- Descuberta Chaves.
- Ruta Termal da Auga: Cabreiroá, Fonte do Sapo, Sousas, Fontenova e Candelíñas. Visitamos os diferentes mananciais e facemos a ruta.
- Xeocaching Termal.
- Visita a unha adega D.O. Monterrei e Castelo de Monterrei.
- Rastrexo fotográfico do Castelo.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O Campo de Voluntariado da Eurocidade é un proceso creativo realizado por mozos e mozas de Galicia e Portugal. O obxectivo é crear unha actividade multidisciplinar de creación de ideas e proxectos para o desenvolvemento da Eurocidade, tendo como principios básicos a pósta en valor de: a iniciativa, a creatividade, o sentido crítico, a innovación, a tecnoloxía, a comunicación, o traballo en equipo e a solidariedade, entre outros.

Os traballos que se farán no ámbito do campo de voluntariado son:

- **Deseño de ideas:** a través do Design Thinking os voluntarios e voluntarias deseñarán ideas para proxectos futuros en relación coa Eurocidade. Os proxectos poderán ter a tipoloxía que desexen os participantes (turismo, social, empresarial, saúde, comunicación, xogos para nenos/as,...).

- **Deseño de campaña de márketing:** coa aprendizaxe de diferentes técnicas relacionadas do deseño web e o deseño de realidade virtual os voluntarios e voluntarias deseñarán unha campaña de márketing para a Eurocidade.

- **Deseño de imaxe de marca:** os voluntarios e voluntarias analizarán a imaxe de marca da Eurocidade e farán novas propostas sobre a mesma ou outras posibilidades de apoio no deseño gráfico da marca.



NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Tanto de Santiago de Compostela ou Vigo (via Ourense), pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.

A estación de tren máis próxima ao punto de quedada está na Gudiña.

CAMPO DE VOLUNTARIADO da EUROCIDADE (CHAVES-VERÍN)

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento e a manutención serán nun establecemento hostaleiro da zona.

INCORPORACIÓN

O primeiro día ata as 12 da mañá, na Praza da Alameda de Verín. Para coordinar os traslados, é imprescindible comunicar por correo electrónico a hora de chegada.

COTA

Este campo de voluntariado **é de balde**.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoais. Toallas.
- Non fai falla saco de durmir.
- Calzado cómodo, roupa cómoda e unha prenda impermeable.
- Protección solar.
- Ordenador portátil (se dispós del)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: +34 981 544 645

subactividades-xuventude.ctb@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

<http://xuventude.xunta.es/>

Portal da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación e outros programas.

<http://gl.eurocidadechavesverin.eu/> .

Información sobre a Eurocidade Chaves Verín

